

ECONOMÍA. OS SECTORES DE ACTIVIDADE

ACTIVIDADE2. Panorámica da economía galega: a industria

Obxectivos:

- ◆ Analizar a importancia económica da industria en Galicia.
- ◆ Coñecer o crecemento económico deste sector.
- ◆ Coñecer o tecido empresarial galego dedicado á industria.
- ◆ Estudar a evolución da ocupación no sector industrial.
- ◆ Distribuír os traballadores da industria por concellos.
- ◆ Analizar a evolución da produción industrial en Galicia.

Coñecementos previos necesarios:

- ◆ Saber calcular porcentaxes e taxas de variación relativas.
- ◆ Saber elaborar e interpretar gráficas.
- ◆ Saber elaborar e interpretar mapas.

Cuestións a resolver:

- 1) ¿Cal é o valor engadido bruto da rama enerxética?
- ¿E da rama industrial?
- 2) ¿Que porcentaxe representa sobre o PIB de Galicia a rama enerxética?.....(%)
- ¿E a industrial?.....(%)
- 3) ¿Canto medrou/baixou o valor engadido bruto da rama enerxética no último ano?
- En termos correntes.....(%)
- En índices de volume.....(%)
- 4) ¿Canto medrou/baixou o valor engadido bruto da rama industrial no último ano?
- En termos correntes.....(%)
- En índices de volume.....(%)

- 5) ¿Cantas empresas teñen a súa sede social en Galicia con actividade principal a industria (incluída a enerxía)?
- 6) ¿Que porcentaxe de ocupados traballaba na industria no ano 1980?.....(%)
¿E na actualidade?.....(%)
- 7) Elabora unha gráfica de liñas coa evolución do número de ocupados na industria.
- 8) No teu concello ¿que porcentaxe afiliados traballa na industria?.....(%)
- 9) Elabora unha gráfica de liñas coa evolución do índice de produción industrial
- 10) ¿Canto aumentou/diminuíu a produción industrial no último mes?.....(%)
¿E no último ano?..... (%)